


GUÍA DIDÁCTICA DO PROFESOR PARA A VISITA A DOMUS DO MITREO



MUSEO UNIVERSITARIO A DOMUS DO MITREO

ÍNDICE

Lucus Augusti e a Domus do Mítreo	2
A DOMUS	3
Definición e contexto histórico da romanización	3
Fases, distribución e funcións da Domus	5
O MITREO	9
O deus Mitra no contexto relixioso antigo	9
O mitraísmo	10
BIBLIOGRAFÍA	15
GLOSARIO	16
ACTIVIDADES	18

Lucus Augusti e a Domus do Mitreo

A cidade de Lugo, na que se atopa a Domus do Mitreo, recibe o seu nome directamente do latino, Lucus Augusti. Para entender unha das facetas máis interesantes da domus, da cidade, e, en definitiva, da romanización na Gallaecia basta con afondar na etimoloxía destes termos.

Comezaremos polo final, co termo *Augusti*, para evidenciar que este nome foi acuñado na honra do emperador Augusto, máximo mandatario do Imperio Romano na época da fundación desta cidade, en torno ao ano 12 a.C. Pero abstraéndonos do evidente, a palabra *Augusti* leva consigo unha certa carga simbólica, funcionando case coma unha imaxe impresa da realidade dunha cidade romana da época. Un núcleo urbano dependente directamente do Imperio, a todos os niveis posibles, tanto cultural, como militar, como politicamente –por moitos quilómetros que a separasen de Roma–; e que copia, por tanto, non só a estrutura dos asentamentos romanos, senón tamén os estilos de vida dos seus habitantes.

Mentres que o bulir da cidade romanizada queda impreso así no termo *Augusti*, a palabra *lucus*, que procede da raíz indoeuropea **leuk-* (‘brillante’, ‘que reloce’) recibe en latín un significado menos esclarecedor: bosque sagrado consagrado a un deus, aínda que orixinariamente designaba o claro do mesmo, por ser este o lugar onde si chega a luz e onde se levaban a cabo os rituais. Descoñecedor disto e dando unha xustificación oposta, aínda que cunha certa intuición, Servio (*In Vergilii Aeneidos Libros*. 1.22.8-9) ofrecía esta explicación:

et dictae sunt [...] κατὰ ἀντίφρασιν, [...], sicut lucus a non lucendo.

Chámanse así [...] por antífrase, [...] como o bosque sagrado porque non reloce¹.

De todos os xeitos, a pesar de que tradicionalmente se veu pensando que Lucus Augusti debía o seu nome á presenza dun bosque sagrado, os modernos estudos de paleobotánica non amosan probas de que tal bosque realmente existise. Non obstante, a Domus do Mitreo axúdanos, en tanto que domus, a descubrir a forma

¹ É dicir, porque os raios do sol non logran penetrar na súa espesura.

de vida urbana ao mesmo tempo que evidencia, por conter un mitreo no seu interior, a presenza de cultos de índole misteriosa dentro da propia cidade.

Por este motivo dividiremos as nosas explicacións en dous grandes eidos que se complementan e facilitan unha comprensión global da realidade da casa. En primeiro lugar, baixo o epígrafe “A Domus” afondaremos no bulir da cidade de Augusti, contextualizando previamente o período de romanización que atinxe tanto ao ámbito cívico como relixioso, para logo continuar nun ámbito máis cotián, coñecendo a distribución das distintas partes do fogar (incluído o templo) e o seu funcionamento. Por outra banda, baixo o epígrafe “O Mitreo” pretendemos afondar na realidade misteriosa do culto a Mitra, partindo do noso xacemento, visibilizando así a súa importancia dentro do mitraísmo peninsular, onde tamén atopamos outros vestixios do culto, como o mitreo de San Juan de la Isla na Hispania Citerior, o de Mérida en Lusitania ou o de Puente Genil na Baetica.

A DOMUS

Definición e contexto histórico da romanización

Adoita entenderse a romanización como a expansión dos ideais culturais, políticos e sociais de Roma aos territorios que caían baixo a súa órbita a medida que medraba polo Mediterráneo. Dito doutro modo, a romanización é o proceso histórico a través do cal os territorios conquistados polo estado romano asimilaron a súa cultura: este feito é transversal e inclúe a súa relixión, a súa forma de organización política, a súa lingua, as súas técnicas arquitectónicas e un longo etcétera.

Non obstante, o imperialismo romano non é un imperialismo ao uso e só é ata certo punto equiparable ao que hoxe se entende no imaxinario popular como tal. En palabras de Suárez (2001, 8):

No proceso resultou fundamental a tendencia espontánea por parte das comunidades nativas a asimila-la nova civilización, máis complexa ca súa. Antes de acada-la cidadanía romana, falaban latín; adoptaban nomes latinos ou latinizaban os bárbaros; vestían a toga, etc. En suma, Roma impresionaba ós pobos ós que se achegaba, de xeito que a propia ambición dos conquistados foi un magnífico mecanismo de aculturación.

Na Península Ibérica en particular, a conquista de Roma foi relativamente lenta: mentres que noutros territorios, como nas Galias, a conquista e, polo tanto, a romanización do territorio foi moi rápida (recordemos que a Guerra das Galias dátase entre os anos 58 e 51 a.C.), na Península o proceso foi máis complexo.

A conquista romana neste territorio respondeu á tensión política entre Roma e Cartago, que comezou a súa expansión pola Península durante a Segunda Guerra Púnica (218-201 a.C.). O proceso de conquista obedeceu nos seus comezos ao enfrontamento entre as dúas potencias do Mediterráneo. Non obstante, a pesar de ter derrotado a Cartago, o estado romano non chegou a someter a totalidade da Península Ibérica ata case dous séculos máis tarde, xa en época de Augusto, co fin das Guerras Cántabras (19 a.C.).

Respecto á Gallaecia romana, historicamente pensouse que era un territorio tardiamente romanizado e, ademais, de forma superficial. Baixo estes preceptos, a miúdo dátanse erroneamente os restos arqueolóxicos en épocas tardías: porén, isto non sempre é así. A Domus do Mitreo é un exemplo de romanización moi temperá que contradí estes prexuízos, aínda que logo sufriu moitas remodelacións e alteracións ao longo da duración do Imperio, pero tamén posteriormente. Non obstante, centrarémonos aquí nos seus primeiros estratos, de época romana, e nos métodos de datación dos restos conservados.

Existen numerosas ferramentas para datar un resto arqueolóxico, aínda que non todas son posibles en todos os xacementos. Dende a numismática ata a estratigrafía, pasando pola análise dos materiais usados e coa axuda das novas tecnoloxías, os arqueólogos teñen gran cantidade de recursos para establecer unha cronoloxía relativa nun xacemento. Todo isto contribúe á caracterización da arqueoloxía como unha rama de estudo multidisciplinar.

Na Domus do Mitreo en concreto, que analizaremos máis exhaustivamente a continuación, a estratigrafía resultou moi útil e esclarecedora das diferentes fases de construción. Así mesmo, a existencia de materiais datantes como a inscrición do mitreo, serven de fósiles guías para establecer datas correlativas aos estratos onde aparecen, podendo así caracterizar a domus como unha construción moi variable ao longo do tempo e con características mutables.

Fases, distribución e funcións da Domus



Interior da domus no seu estado actual

A Domus do Mitreo é unha casa de época alto imperial que foi habitada, entre outros, por unha familia de clase acomodada, a do centurión Gaio Victorio Victorino. As súas estancias están organizadas ao redor dun patio central porticado, conservando algúns muros

de máis de 2 m de altura e pinturas murais, e conta ademais cun mitreo de planta rectangular, datado de tempos do emperador Caracalla (211-217 d.C.). O edificio foi expropiado no Baixo Imperio, a finais do século III, por causa da construción da muralla, o que sen dúbida determinou o seu abandono.

A súa situación era privilexiada: estaba situada no outeiro sobre o que se erixe Lucus Augusti, mirando cara ás ribeiras do Miño, unhas terras con características idóneas para o cultivo. Ás vantaxes desta localización –control da ponte que atravesaba o río, das termas ás súas beiras, e da vía que levaba a Auriense– sumábase outra: a proximidade co Foro.

A construción desta domus pasou por varias fases. Da época alto imperial –máis concretamente, do 15-13 a.C.– datan unha serie de muros imposibles de delimitar: os que non foron arrasados ata a súa cimentación van máis aló dos límites da escavación ou foron eliminados durante a construción da domus ou da muralla. Había unha forte pendente dende a plataforma máis elevada, onde posteriormente se erixiría o mitreo, ata a base da muralla, que se salvou coa extensión das diferentes estancias por niveis.

Na segunda fase constitúense as liñas mestras da domus, que queda conformada por planta baixa e primeiro andar, sufrindo ademais modificacións no sector noroeste e no sistema hidráulico: estas últimas introduciron melloras no reciclado das augas procedentes da chuva, así coma no subministro de auga potable e na condución das augas residuais á cloaca da cidade.

A depurada técnica construtiva, acorde cos ditames de Vitruvio, apréciase na xeometría das proporcións e no uso de diferentes morteiros segundo a súa finalidade, así como nos sistemas de illamento con que contan as paredes – cámaras de aire a base de tellas dispostas contra os muros– para preservar as pinturas da humidade.

A época baixo imperial (284-476 d.C.) veu marcada pola ampliación do edificio cara ao sur máis pola súa nova organización espacial: créanse “ámbitos privados” que lle restan espazo ao patio central que articula a estrutura da casa, e constrúense novas estancias que teñen a finalidade de adaptar o edificio á súa nova función de oficina de control administrativo. Non nos debe estrañar que esta última adaptación fose necesaria, posto que a cidade de Lucus Augusti era un importante punto de comercio na zona: ademais das mercancías de orixe local, ata aquí chegaban cerámicas da Galia a través de Tarraco, e tamén de Iria Flavia; ánforas con viño e aceite de Rodas, Creta e Gaza; vaixelas de vidro da Xermania; e un longo etcétera.

O cambio na organización do que falamos implica tamén que algunhas das dependencias quedan reservadas para funcións de carácter social, marcando estas o *status* da casa: estamos a falar dun cambio de funcionalidade dos espazos de acordo coas novas necesidades de carácter cultural do mitreo, que, como xa se dixo anteriormente, foi erixido nesta época.

O templo quedou en pé tras ser expropiada a casa ao redor do ano 278; non obstante, varias partes da mesma foron derrubadas e outras foron empregadas polos obreiros da muralla como almacéns e cociña (o muíño de tracción humana correspóndese con este período).

Cómpre referírmonos ao mitreo con máis detalle:

A escenografía, que evoca unha cova –lugar onde inicialmente se realizaban estes cultos–, foi lograda mediante a situación deste templo nunha plataforma preexistente, formada por unha capa grosa de area, cal e cuarcitas. No nicho de culto, situado contra a parede da Vicerreitoría, erixírase a estatua de Mitra.



Ara votiva constituída por unha base lisa, un fuste coa inscrición dedicada ao deus Mitra, e capitel con fóculo

A entrada estaba localizada no lado oposto, o sur, como é habitual: aquí atópase un pequeno *nártex* ou vestíbulo. Non hai traza de podios laterais, o que leva a pensar que probablemente fosen de madeira; mais chegou a nós unha ara de granito, atopada na nave do templo, que data dos tempos de Caracalla.

No leste, pola súa parte, falta unha das pilastras, posto que conectaba co patio con pozo do nivel inferior. Sobre a importancia da auga neste tipo de ritos dinos Juan Sanchís (2016, 243) o seguinte:

En la parte izquierda del templo se puede ver la existencia de un pequeño canal de agua; esto es muy significativo ya que implica la gran conexión existente con un gran número de mitreos en los que este elemento sirve de ayuda y de apoyo en los rituales mitraicos que en él se realizaban. Igualmente, puede verse la bajada a un pozo que enlaza con el manantial, prueba evidente de que allí existía una corriente de agua y una bolsa de la misma debajo de la domus.

A identificación do mitreo foi posible grazas ao achado dunha inscrición conmemorativa do deus Mitra, deus solar de orixe persa, realizada por un centurión da Lexión VII Xémina, Gaio Victorio Victorino, encargado do control administrativo de Lucus Augusti. A susodita inscrición proporciánanos unha gran cantidade de información: permítenos datar a construción do templo no ano 212 (momento no que á Lexión VII Xémina se lle engade o apelativo Antoniana), e sabemos que a mesma foi propiciada pola petición de dous dos libertos do dono da domus.

Deste último coñecemos que o seu nome era, como xa dixemos, Gaio Victorio Victorino: nado na Xermania Inferior –onde serviu no exército durante moitos anos, ostentando o cargo de centurión– chegou a Lucus Augusti coa familia, libertos, escravos e guarnición militar para ocuparse da administración. En resumidas contas, o edificio empregábase como *statio* de Lucus Augusti –dependente da unidade lexionaria establecida en León–.

As fases tardorromanas teñen como dato máis relevante a destrución do mitreo, que foi finalmente derribado no ano 350 d.C., posto que o mitraísmo era competidor directo do cristianismo. Edificáronse por aquel entón neste solar outras estruturas que acabaron inutilizadas pola construción dunha vía pública. As primeiras mostras de actividade tras esta época consisten na presenza dun pozo reconvertido en vertedoiro de cerámica, que se considerou que debía estar asociado a fornos oleiros no contorno da Vicerreitoría.

A fin do Imperio e a invasión sueva que seguiu á mesma caracterízanse pola reutilización de estruturas existentes. Só cando os estados resultantes da fragmentación do antigo Imperio volveron á calma, a cidade continuou a desenvolverse: o lugar que ocupara o mitreo foi utilizado como taller de cantería para a construción da catedral. Esta non foi erixida alí por casualidade, senón que continuaba a tradición da zona como referente relixioso da cidade: consecuentemente, esta converteuse no epicentro do burgo medieval. Os cidadáns máis podentes podían permitirse ser enterrados no atrio da catedral, máis na época románica (séculos XI-XII) o solar converteuse nun camposanto para as clases menos favorecidas.

A partir do século XVI (Idade Moderna) moitas familias nobres estableceron as súas vivendas dentro da cidade. Unha delas, os Montenegro, constrúe o seu pazo sobre a antiga domus de Victorino: os aristócratas, por suposto, dispoñían dos medios necesarios para asegurarse un lugar privilexiado preto do centro relixioso da cidade. Cando deixaron de residir aquí, o pazo quedou abandonado e, tempo despois, produciuse un incendio. A USC adquiriu o edificio e converteuno na sé do seu vicerreitorado en Lugo.

O MITREO

O deus Mitra no contexto relixioso antigo

Como xa vimos, a domus presenta no seu interior un espazo sagrado dedicado ao deus Mitra. Para entender ben a funcionalidade dese espazo relixioso na domus debemos primeiro contextualizar o culto ao deus Mitra dentro do esquema de crenzas da cultura romana da época.

Como sabemos, a relixión en Roma caracterizábase por ser politeísta –non crían nun só deus, senón en moitos– e antropomórfica –os deuses representábanse con forma humana–. Ademais, a crenza relixiosa estaba presente en distintos ámbitos da vida diaria, de xeito que o mundo público acollía festividade e cultos institucionalizados dedicados aos deuses do Panteón clásico (de influencia etrusca e grega), aínda que en época imperial a estas crenzas públicas engadírase o culto aos propios emperadores. Nun ámbito privado como o fogar cada persoa rendía culto aos espíritos dos seus antepasados (manes) e a outros seres sobrenaturais (os lares e os penates) para que protexesen a casa.

Ademais destas crenzas máis ou menos estandarizadas, dentro do abano relixioso de Roma atopábanse tamén outros cultos de influencia grega e oriental que, polas súas características comúns, poderían coñecerse baixo o nome de cultos místéricos. É nesta parte do esquema onde se situaría o culto ao deus Mitra da nosa domus.

Sen entrar nos numerosos detalles que os diferencian, pois cada forma de culto era única no seu sistema de crenzas e requiría de rituais e prácticas distintas, os cultos místéricos caracterizábanse por desenvolverse baixo un halo de secretismo tanto na súa filosofía como na súa práctica, de xeito que se mostraban cerrados cos non formantes do grupo e nalgúns casos, sectarios. É por isto que a persoa interesada en participar dun destes cultos precisaba ser “iniciada” –superar un determinado ritual de iniciación, consistente en distintas prácticas segundo cada culto– para poder formar parte do grupo relixioso. Esta iniciación carrexaba, xeralmente, a promesa de acceso a un coñecemento superior, a miúdo relacionado coa salvación do individuo ou cunha revelación transcendental e secreta ofrecida por un deus.

É importante entender que, do mesmo xeito que a relixión popular, estas crenzas non eran excluíntes doutras, de xeito que un iniciado non tiña por que

deixar de venerar os deuses institucionalizados do Panteón, ou os de calquera outro culto que quixese. Así mesmo, tamén cómpre resaltar que a decisión de iniciarse nun culto era completamente persoal e non tiña por que estar ligada a tradicións familiares ou gremiais.

Deste tipo de cultos místéricos, os máis estendidos ao longo do Imperio foron os Misterios de Eleusis, os Misterios dionisíacos (estes dous de orixe grego), os de Mater Magna (de orixe frixio), os de Isis (de orixe exipcia) e, efectivamente, o culto ao deus Mitra.

O mitraísmo

INVIC MITHRAE
G VICTORIVS VIC
TORINVS) L VII G
ANTONINIANAE P F
IN HONOREM STA
TIONIS LVCENSIS
ET VICTORIORVM
SECVNDI ET VIC
TORIS LIB SUOR
VM ARAM PO
SVIT LIBENTI
ANIMO

Ao Invicto Mitra
Gaio Victorio Victorino,
centurión da Lexión Séptima
Xémina Antoniniana Pía Feliz
en honor do posto
de garda lucense
e dos Victorios
Segundo e Víctor,
libertos seus,
puxo este altar
de moi bo grao.

Mitra é unha divindade de orixe persa que a partir do século I d.C. se expandiu por todo Imperio Romano, fundamentalmente, a través do exército, de xeito que atopamos restos do culto por todo o Mediterráneo, tal como se ve reflectido na inscrición de enriba, atopada na propia Domus do Mitreo. O motivo disto posiblemente garde relación con que os iniciados do mitraísmo se organizaban en sociedades secretas formadas exclusivamente por varóns –Mitra odia ás mulleres, di Pseudopltarco (*De fluv.* 23)–, polo que un entorno exclusivamente masculino coma o exército romano era ideal para a súa expansión.

Pouco se sabe das crenzas destes misterios, e o pouco que coñecemos dos seus mitos é a través da iconografía, é dicir, das representacións artísticas destes, que, polo visto, tiña tamén unha enorme importancia para eles, ata o punto de que parte dos seus ritos consistía na explicación dos seus códigos simbólicos. Parece ser que o deus naceu xa home dunha rocha, e que tal milagre foi



Relievo de Mitra Tauróctono, s. II-III d.C.

sacrificado xorden todas as especies vexetais, e do seu esperma, as animais; deste xeito, a súa morte supón a creación. Posteriormente, Mitra e o sol teñen un banquete coa carne do animal, selando así unha alianza. A partir de aí, Mitra converteuse nun deus protector e o principal inimigo das forzas escuras do inframundo.

Igualmente escura é a interpretación destes mitos, pero, habitualmente, faise unha lectura astrolóxica: parece ser que existe unha forte relación entre Mitra e o sol, e, de feito, en certas ocasións, coma nalgúns inscricións, trátase aos dous coma se fosen un único deus. Así mesmo, o touro estaría moi relacionado coa Lúa e cunha humidade proveniente dela, da que sería gardián e que dalgún xeito sería fundamental para a vida. A cova do sacrificio, por outra banda, representaría o mundo, cuberto pola bóveda celeste; a miúdo aparecen representados neste teito o zodíaco e os sete planetas que segundo a ciencia da época se cría que existían, relacionados cos sete graos de iniciación dos que máis adiante falaremos. Outras figuras que adoitan aparecer, coma Cautes e Cautópates, portador un dun facho cara arriba e o outro dun cara abaixo, que poderían representar tanto a saída e a posta do sol coma os equinoccios, datas sinaladas para o mitraísmo, afondan nesta visión astrolóxica do mito. Porén, non todos os elementos son reducibles a esta lectura celeste: así, por exemplo, na

presenciado por pastores, que o adoraron. Porén, o mito máis coñecido e o do touro: o deus, despois de roubar e domar a este animal (do que nos queda o epíteto βουκλόπος² (*boúklopos*), ‘ladrón de gando’, que aparece nos escritos de Porfirio (*Antro*, 18)), levouno a unha cova onde, por orde do Sol, que se serviu dun corvo coma mensaxeiro, matou á besta. Do sangue do touro

² Das raíces de βοῦς (*boús*), ‘boi’; e κλέπτω (*klépto*), ‘roubar’.

mitoloxía avéstica, da que procede Mitra, o touro é o animal primordial. Probablemente no mitraísmo se superpoñan lecturas e mitos de varios tipos e épocas. En calquera caso, o certo é que a expansión do mitraísmo supuxo un importante pulo para a astroloxía, e foi así mesmo influído por ela.

O mitraísmo tiña ata sete graos de iniciación, chamados, de menor a maior rango, Corvo (*Corax*), Oculto ou Noivo³ (*Cryphius* ou *Nymphus*), Soldado (*Miles*), León (*Leo*), Persa (*Perses*), Mensaxeiro do Sol (*Heliodromus*) e Pai (*Pater*), cada un cunhas características particulares e asociado a un dos sete planetas.

Nama [patribus] ab oriente ad occidente(m) tutela Saturni. [Na]ma H[eliodromis] tute[]a S[ol]is. [Na]ma Persis tutela [Mer]curis. Nama L[e]on[i]b[us] tutela Iovis. Nama Militibus tutela Mart[is]. Nama Nym[phis] tutela Veneris. [N]a[ma] Nymph[i]s tut[ela Ve]n[er]is. [Nama Coracibus tutela Mercurii.]

CIMRM 480. Inscrición do Mitreo de Santa Prisca, Roma.

Saúde [aos Pais], de oriente a occidente, baixo a protección de Saturno. Saúde aos Mensaxeiros do Sol, baixo a protección do Sol. Saúde aos Persas, baixo a protección da Lúa. Saúde aos Leóns, baixo a protección de Xúpiter. Saúde aos Soldados, baixo a protección de Marte. Saúde aos Noivos, baixo a protección [de Venus]. [Saúde aos Corvos baixo a protección de Mercurio.]

Sábese, por exemplo, que os Corvos facían de serventes durante o rito, e que as libacións e as devocións corrían a cargo do Pai. Polo que parece, o máis común era non pasar do rango de León, cuxas consagracións e funcións estaban moi vinculadas ao lume:

Accipe thuricremos pater accipe sancte Leones. Per quos thuradamus per quos consumimur ipsi.

CIMRM 485 Inscrición do Mitreo de Santa Prisca, Roma.

Recibe, Pai Santo, recibe os Leóns que queiman incenso, a través dos que damos incenso, a través dos que nós mesmos nos consumimos⁴.

³ A palabra *Nymphus* é unha masculinización (e latinización) do grego Νύμφη (*nympe*), orixinariamente Noiva. Polo tanto, o termo ten unhas connotacións femininas moi fortes.

⁴ É posible entender esta última parte como ‘nos purificamos’ ou ‘nos iniciamos’.



Mosaico que ilustra a secuencia dos graos de iniciación no culto no Mitreo de Felicissimus en Ostia

Moitos dos ritos que realizaban, como é habitual nos misterios, teñen un forte compoñente de recreación e teatralidade. Así, parece ser que os iniciados empregaban disfraces e máscaras de animais. Algúns rituais, coma o banquete, que reproduce aquel co que o Sol e máis Mitra selaron a súa alianza e que era precedido por unha sesión de instrución, ou a consagración de pan, auga e viño, gardan unha importante

semellanza co cristianismo. Outros rituais son máis impactantes: por exemplo, sábese que a certos iniciados, despois de vendarlles os ollos e atarlles as mans con tripas de polo, se lles tiraba a unha talla chea de auga, de onde eran sacados por un home que se facía chamar o seu salvador. Aínda que non hai certezas, probablemente este rito estea relacionado coa morte e unha vida posterior, tal vez mediante a reencarnación. A imaxe do sol, que todos os días nace e se pon, apoiaría esta idea, así coma algúns textos conservados coma o seguinte:

pie rebus renatum dulcibus atque creatum.

CIMRM 485. Inscrición do Mitreo de Santa Prisca, Roma.

quen piadosamente renace e é creado polas cousas doces.

Esta teatralidade vese reflectida mesmo no propio mitreo, que imita a cova na que se sacrificou ao touro, como recorda a estatua de Mitra Tauróctono (que mata o touro) que preside o lugar; deste xeito, a imitación é dobre, ao relacionarse esta cova do mito co universo enteiro. Este escenario é tamén onde se realiza o banquete –ténense, de feito, atopado ósos dos animais comidos, tanto no mitreo de Lugo como noutros–, para o que está acondicionado, e o resto de rituais. Sempre había preto do templo, ou mesmo contigua a el, unha fonte ou corrente de auga, necesaria para purificarse antes de cada ritual.

Durante un tempo, o mitraísmo gozou de moi boa saúde, chegando a iniciarse nel incluso emperadores coma Cómodo. Dende tempos moi antigos foi

obxecto de diversos sincretismos, sendo probablemente o máis radical o culto ao Sol Invicto apoiado por Aureliano, co que tentaba unificar todas as relixións que adorasen a un deus solar; curiosamente, neste sincretismo tamén se pretendía integrar ao cristianismo.

Soli invicto Mithrae T. Flavius Aug(usti) lib(ertus) Hyginus
Epebrianus d(onum) d(edit). Ἡλίῳ Μίθραι Τ(ίτος) Φλάουιος Ὑγιεῖος
διὰ Λολλίου Ρούφου πατρὸς ἰδίου.

CIMRM 362. Inscrición máis temperá, do século I, achada nas
catacumbas de Santi Marcellino e Pietro, Roma.

A Mitra, o Sol Invicto, dado en ofrenda por Tito Flavio Hixino
Efebiano, liberto de Augusto. Ao Sol Mitra, de Tito Flavio
Hixino, a través do seu propio pai Lolio Rufo.

Por un tempo, o mitraísmo foi, en certa medida, un importante competidor do cristianismo, por máis que, debido ao carácter secreto do culto, partise cunha grande desvantaxe á hora de propagarse fronte ao proselitismo do seu contrario. Como exemplo deste enfrontamento pode verse este texto, no que Fírmico Materno (*De errore profanarum religionum* 5.2), un autor cristián, critica o mitraísmo:

Sacra vero eius in speluncis abditis tradunt, ut semper obscuro
tenebrarum squalore demersi, gratiam splendidi ac sereni luminis
vitent. O vera numinis consecratio!

En verdade transmiten os seus ritos agochados en covas, de
xeito que, sempre somerxidos na escura repugnancia das tebras,
eviten a gracia espléndida e sublime da luz. Oh, que axeitada
consagración dun deus!


Unha serie de circunstancias históricas, coma a legalización do cristianismo por Constantino no 313 d.C. ou as invasións bárbaras, supuxeron un importante golpe para o mitraísmo. A medida que o paganismo, que era o marco fundamental no que os misterios de Mitra podían operar, ía retrocedendo, o culto foi paulatinamente perdéndose, quedando relegado á nobreza de máis liñaxe, que mantiña o paganismo como herdanza, ata que, finalmente, desapareceu.

BIBLIOGRAFÍA⁵

- Alvar, J. 2019. *El culto de Mitra en Hispania*. Madrid: Editorial Dykinson.
- Alvar, J., Richard Gordon e Celso Rodríguez. 2006. “The mithraeum at Lugo (Lucus Augusti) and its connection with *Legio VII Gemina*”, *Journal of Roman Archaeology*, 19.1, 266-277.
- Andrés Hurtado, G.** 2005. “Divinidades y cultos no romanos”. En Andrés Hurtado, *Una aproximación a la religión del ejército imperial: Hispania*. Logroño: Universidad de La Rioja.
- Beard, M., John North e Simon Price. 1998. *Religions of Rome 2: A Sourcebook*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Burkert, W.** 2005. *Cultos místéricos antiguos*. Madrid: Trotta.
- Clauss, M. 2000. *The Roman Cult of Mithras: The God and his Misteries*. Edimburgo: Edinburgh University Press.
- Cumont, F. 1969. Les Mystères de Mithras. En Dictionnaire des Antiquités Grecques et Romaines. Graz: Akademische Druck.
- Gordon, R. 1996. “Authority, salvation and mystery in the Mysteries of Mithras”. En R. Gordon (ed.), *Image and Value in the Graeco-Roman World*. Aldershot: Variorum.
- Juan Sanchís, M^a T. 2016. *Testimonios y documentos del culto de Mitra en el Imperio Romano* (tese de posgrao). Alicante: Universidade de Alicante.
- Rodríguez Cao, C. (ed.)**. 2011. *A Domus do Mitreo*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela.
- Suárez Piñeiro, A. M.** 2001. *Os romanos en Galicia*. Santiago de Compostela: Lóstrego.
2006. *A vida cotiá na Galicia romana*. Santiago de Compostela: Lóstrego.
- Turcan, R. 1996. *The Cults of the Roman Empire*. Oxford: Blackwell.
- Vermaseren, M. J. 1956. *Corpus Inscriptionum et Monumentorum Religionis Mithriacae*. Haege Comitit: Martinus Nijhoff.

⁵ Resaltamos en negriña as lecturas con máis potencial para a preparación da docencia.

GLOSARIO



Plano da planta subterránea do museo, correspondente coa segunda fase de construción, de época romana

Atrium (non se conserva): orixinariamente era o centro da casa, pero coa ampliación da domus foise especializando como unha sala con función de representación social. No centro do seu teito mantíñase un espazo rectangular sen cubrir chamado *compluvium*. (Cf. *impluvium*)

Cubiculum: dormitorios pequenos, situados xeralmente nos laterais do *atrium* ou do *peristylum*.

Hypocaustum: sistema de calefacción consistente en aproveitar o calor dunha fogueira para quentar tanto a casa como as augas destinadas ao aseo persoal. Era unha das comodidades coas que contaba a casa romana. Segundo Suárez (2006, 99), trátase dunha



invención estritamente romana, datable a finais do século II a.C. (devida a Sergius Orata e, en principio, aplicada para quentar os tanques de peixe; Plin. *Nat.* 9, 168). O método consiste en facer pasar as chamas e o tiro dunha fogueira exterior polo subsolo dunha ou varias estancias intercomunicadas; esta circulación de aire quente ás veces tamén continúa polas chemineas ou cámaras ocas das paredes da sala, ata alcanzar as saídas de fume exteriores.

Impluvium: sistema de aproveitamento de auga que recollía a chuvia a través dunha apertura do teito (chamada *compluvium*) para o seu uso posterior. Non está claro que o houbera nesta domus.

Mythraeum: templo dedicado ó deus Mitra. Podía ser unha cova adaptada, un edificio que imita a forma dunha delas ou tamén construírse no interior dun edificio ou baixo terra.



Oecus: en palabras de Vitruvio, era a sala principal ou vestíbulo da casa romana e incluso utilizábase ás veces para realizar banquetes, aínda que maioritariamente tiña a función de salón para recibir visitantes ou facer reunións. Xeralmente, encóntrase entre o *atrium* (orixinalmente o centro da casa, non conservado nesta domus) e o *peristylum*. Cabe destacar que o muíño (*molendinum*) que aparece na Domus do Mitreo foi unha reutilización posterior desta estancia.

Peristylum: estancia porticada (como o seu nome, de orixe grego, indica) situada na parte máis interior da domus. Semellante a un gran patio interior e con xardín, ao seu redor constrúense as habitacións máis importantes da casa e, co paso do tempo, adquire relevancia en detrimento do atrio.



ACTIVIDADES

Actividades previas

En principio, estas actividades están deseñadas para que o docente as formule ao conxunto do alumnado oralmente, de xeito que entre as intervencións dos distintos alumnos acaben por formarse as respostas. Non obstante, por suposto, pode adoptarse calquera outro modelo que escollo o profesor segundo considere máis axeitado.

1. Que supuxo a romanización na Gallaecia?

Preténdese que os alumnos reflexionen sobre os distintos aspectos que a romanización implica, máis aló da dependencia política. Aínda que é unha pregunta moi aberta, pode tratar de guiarse suxerindo algúns destes ámbitos: a vida cotiá, a arquitectura ou a relixión.

2. En que dirías que se diferencian e en que se asemellan unha domus romana e casa actual?

Sería conveniente que, ademais de aportar os datos en si mesmos, os relacionasen con como se vivía no tempo en que foron construídas. Por outra banda, tamén é aconsellable ter en conta que non existe un único tipo de vivenda romana, senón que hai moi notables diferencias, particularmente entre as propias dos poderosos e as dos humildes.

3. Que outros tipos de cultos existían no Imperio Romano ademais da relixión oficial? En que cres que se diferenciaban dela?


Búscase que o alumnado afonde no culto do fogar a manes, lares e penates e, sobre todo, nos cultos místéricos. Para isto, convén fixarse en aspectos coma a procedencia, o secretismo, quen os integraban, que tipo de prácticas se realizaban, as súas crenzas...

Actividades finais

En principio, estas actividades están pensadas para que as realicen os alumnos individualmente, consultándoas a través do Twitter, sexa dende dispositivos propios, sexa a través dunha proxección. Non obstante, tamén é posible realizalas por grupos, no caso de que algúns alumnos non dispoñan dun dispositivo informático propio. Tamén existe, se se prefire non usar o soporte electrónico, unha versión en PDF que se pode imprimir.

Ti es Segundo Victorio, escravo de Victorio Victorino. Acabas de iniciarte no culto a Mitra. Vai ascendendo nos graos mitraicos a medida que superas estas probas:

1. Corax



É a hora da *cena* e o teu *dominus* está a ofrecer un banquete. Debes preparar a comida e servila aos comensais. Tomando o *oecus* como punto de partida, indica por que estancias da domus pasarías e por que te deterías en cada unha delas. Non esquezas a auga para cociñar!

O camiño é o seguinte: dirixirse antes de nada ao peristylum para recoller auga no impluvium (damos por suposto, para esta actividade, que a Domus do Mitreo o posuía, aínda que non hai certeza ao respecto), ir dende alí á culina para preparar a cea e, finalmente, atravesar de novo o peristylum para chegar ao oecus e servir aos comensais.

Esta tarde o teu *dominus* ten prevista unha importante reunión cuns funcionarios públicos e quere que lle prepares unha estancia. Cal? Nela hai pinturas murais que están deseñadas para ser moi duradeiras. Como se consegue isto? Pista: un famoso arquitecto romano ten moito que ver.

Trátase do oecus, lugar onde habitualmente tiñan lugar as reunións. A boa conservación das pinturas débese a que na construción da Domus se aplicaron os principios de Vitruvio: as paredes contaban cunha cámara de aire que mantiña as pinturas murais sempre illadas da humidade.

2. Nymphus

Polo teu bo labor, o teu amo acaba de liberarte. Agora es un liberto. Celébralo pasando o día pola cidade e atopas un viaxeiro antirromano que alardea de que o seu pobo non estea romanizado. Ti sénteste romano: tenta argumentarlle por que é beneficiosa a romanización.

Preténdese que o alumno extraia das consecuencias da romanización aquelas que poidan considerarse positivas. Non se trata tanto de que manexen os datos coma de que utilicen o espírito crítico e reflexionen sobre o legado de Roma.

3. Miles

Tras a acalorada discusión, entras por patriotismo no exército para apoiar a expansión do Imperio. Xa milagrosamente vitorioso e rico, decides xubilarte e construír unha domus en Lucus Augusti. Fíxate neste plano e argumenta onde construírías ou mercarías a túa casa.



A idea é que, a través desta actividade, o alumnado reflexione sobre como se vivía nunha cidade romana e cal era a función dos seus diversos elementos, coma o foro ou as termas.

4. Leo

INVIC MITHRAE
G VICTORIVS VIC
TORINVS) L VII G
ANTONINIANAE P F
IN HONOREM STA
TIONIS LVCENSIS
ET VICTORIORVM
SECVNDI ET VIC
TORIS LIB SUOR
VM ARAM PO
SVIT LIBENTI
ANIMO

Ao Invicto Mitra
Gaio Victorio Victorino,
centurión da Lexión Séptima
Xémina Antoniniana Pía Feliz
en honor do posto
de garda lucense
e dos Victorios
Segundo e Víctor,
libertos seus,
puxo este altar
de moi bo grao.

O teu antigo *dominus* Victorio Victorino encargou unha inscrición ao deus Mitra para o seu templo; ti, que xa es un adañeirado *pater familias*, queres facer un exvoto mellor para algún deus. Deseña a túa inscrición inspirándote nas seguintes fórmulas:

Deae Nem[e]-si / Dec(imus) Fonteius / Apolaustus / cum suis /
v(otum) l(ibens) / a(nimo) s(olvit)

Á deusa Némesis, Décimo Fonteyo Apolausto cos seus cumpriu
o voto por propia vontade.

[Pro salute d(ominorum) n(ostorum) Au]g(ustorum) / [et nob(ilissimi) Caes(aris)] / [deo Mithrae et Soli] Invicto / [ab oriente] ad [occid]entem.

Polo benestar dos nosos emperadores Augustos e do nobilísimo César, para o deus Mitra e o Sol Invicto de oriente a occidente.

Deo Rom[u]lo / Gulioepius / donavit / Iuventinus / fecit

Ao deus Rómulo Gulioepio ofreceu isto, Iuventino fíxoo.

Doe Mar-/[[t]i san(cto) / s(acrum) / d(ono) d(edit)

Sagrado para o divino deus Marte: (...) ofreceu isto como regalo.

Helstri/us Novel/lus prae/fectus / numini / Volcan[i] / [p]o[s(uit)]

Helstrio Novelo, prefecto, erixiu isto ao divino poder de Vulcano.

Comparte a túa inscrición en latín.

O ideal sería que a inscrición se crease en latín ou, polo menos, que se traducise a esta lingua. Porén, queda baixo o criterio do profesor se isto é aconsellable ou mesmo posible.

5. Perses

Nunha noite de festa váiseche a lingua e dáche por revelarlles a uns non iniciados como é o interior dun mitreo. Cónталles como é a súa arquitectura e como está habilitado para executar os seus ritos; pensa en estancias da vida romana cotiá que lles axuden a visualizalo.

Fundamentalmente, deben contar que o mitreo imita unha cova, que está presidido por unha estatua de Mitra e que está habilitado, coma un comedor, con bancos nos que os iniciados se reclinaban para a realización do banquete.

6. Heliodromus

Aínda que non se decataron da túa falta e polo tanto segues formando parte do culto, pasas unha mala racha e cres que é un castigo de Mitra. Sentíndote culpable, involúcraste aínda máis no mitraísmo e queres afondar nos seus significados ocultos.

Fíxate nos elementos que están no teito da cova esculpida no seguinte relevo. Que cres que representan? Tendo isto en conta, que simboliza por tanto a cova?



Os alumnos deberían chegar á conclusión de que a cova onde Mitra mata o touro representa o cosmos, de xeito que teñan unha pequena idea das implicacións alegóricas do mitraísmo. Tamén sería conveniente que, coa axuda do profesor, fosen guiados ata decatarse de que o mitreo en si mesmo tamén remite á cova do touro e, por tanto, ao universo. Desta forma, pódese introducir no aspecto representacional dos misterios. Coma sempre, ata que punto se realiza isto e de que maneira corre a cargo do profesor.

7. Pater

Para ser un Pater, debes ser quen de reconstruír e narrar o mito. Tendo en conta todo o que sabes, tanto pola iconografía coma polos ritos, e, sobre todo, o que non sabes, tenta encher as lagoas de descoñecemento que o envolven.

Para saber como encamiñar a narración, fíxate precisamente nas incógnitas máis chamativas: como se relacionan Mitra e o Sol? Por que lle manda matar o touro?

Que sentido teñen as figuras que están aos lados de Mitra neste grupo escultórico? Non temas equivocarte!



Escollede o mellor relato da vosa clase. Os creadores do mito escollido serán aqueles que consigan acadar o grao sumo de Pater.

Evidentemente, non se busca que fagan unha reconstrución que resulte verosímil aos académicos, senón meramente que tenten darlle un sentido unitario aos elementos que coñecen, reflexionando sobre eles, de xeito que ademais poñan en práctica a súa imaxinación e capacidade de redacción. Como se decidirá cal é o mellor mito, sexa por democracia, sexa polo criterio do propio mestre, depende do profesor. Aínda que é certo que esta parte pode eliminarse, non o consideramos aconsellable, ao poder servir como motivación aos rapaces, ademais de ser unha forma de facer o proxecto da Domus máis participativo, aberto e, en definitiva, máis vivo.



GUÍA DO PROFESOR PARA A VISITA Á DOMUS DO MITREO

Adrián Boullosa Fraga
Elena García Paleo
Candela Rodríguez Bernárdez
Pablo Torres París
Laura Vázquez Neira

Baixo a dirección de:

María Teresa Amado Rodríguez
Helena de Carlos Villamarín

*Proxecto didáctico para a materia de Didáctica da Cultura Clásica.
Máster Universitario en Formación de Profesorado de Educación
Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e
Ensinanza de Idiomas.*